



ANÁLISE DA SITUACIÓN E PROPOSTAS SOBRE A SANIDADE PÚBLICA GALEGA.

Ante a próxima confrontación electoral a plataforma **SOS Sanidade Pública** fai pública a súa posición sobre o proceso de deterioro sufrido nos últimos anos polo sistema sanitario público.

Introdución:

A grandes trazos podemos definir dúas posicións confrontadas en relación coa política sanitaria:

- Hai unha corrente progresista que entende a sanidade pública como un dos piares esenciais do estado do benestar, defende a atención sanitaria como un dereito dos cidadáns e promove o acceso aos servizos de forma universal e gratuíta, sen ningunha restrición. A **Lei Xeral de Sanidade** apoia esta estratexia.
- Na outra banda existe un pensamento ultraliberal que considera que cadaquén debe acceder aos servizos sanitarios que poida custear. Esta corrente, asumida con entusiasmo polo PP, defende un argumentario elemental baseada en dúas falacias: a insustentabilidade do actual sistema sanitario e que a xestión privada da sanidade é máis eficiente que a pública. O **Real Decreto Ley 16/2012**, imposto polo goberno central, é un paso capital nesta estratexia: recupera a figura do “asegurado”, polo que hai colectivos de cidadáns que quedan excluídos da cobertura sanitaria.

A crise económica é utilizada como escusa polo actual goberno e por algunhas autonomías afíns para realizar **profundos recortes na sanidade pública** que están a producir un impacto severo na calidade asistencial e nas condicións laborais dos sanitarios. O obxectivo real non é reducir o gasto público senón conseguir o desvío de parte dos orzamentos cara petos privados.

Cando o PP ocupou o poder en Galicia en 2009, Núñez Feijóo afirmou que levaría a cabo políticas de austeridade pero sen reducir os orzamentos de sanidade, educación e servizos sociais. Minteu dobremente: estes departamentos son os máis atacados polas súas actuacións mentres que, durante o seu mandato, a débeda de Galicia medrou o triplo que co goberno bipartito.

A política sanitaria do Partido Popular está orientada a **recortar o dereito á saúde para transformalo nunha mercadoría**. Pretende dismantelar o sistema sanitario público, potenciar o aseguramento privado e dar participación ás empresas privadas na prestación de servizos sanitarios con diñeiro público. Hai unha estratexia global - impulsada polo FMI e o BCE- que o goberno do PP está a impoñer en Galicia desde o inicio da lexislatura. As diferentes medidas adoptadas (redución dos orzamentos sanitarios, recorte das prestacións, restricións no acceso aos servizos, externalización de actividades, privatización da xestión hospitalaria etc) están enmarcadas nesta corrente ultraliberal e motivadas pola mesma estratexia: a **precarización dos servizos sanitarios públicos e a definición de espazos de negocio**. Estes son os elementos básicos da súa actuación.

Os elementos básicos da estratexia sanitaria desenvolvida polo PP en Galicia

Deterioración e descapitalización do sistema sanitario público.

Privatización da estrutura do sistema e dos servizos que presta.

Desmantelamento dos alicerces do sistema: universalidade, equidade e accesibilidade aos servizos.

1.- Deterioración e descapitalización do sistema sanitario público

O orzamento sanitario sufriu unha importante redución (300 millóns de euros respecto do ano 2009, o que representa o custo do novo hospital de Vigo). Este recorte traducíuse na paralización de programas clave e na redución da actividade dos servizos asistenciais.

Suprimiron o Plan de Mellora da Atención Primaria, que supuxo a perda de máis 1.600 postos de traballo e a paralización da construción de 66 novos centros de saúde, que deixaron en 19 (que ademais reduciron a superficie nun 30%).

Paralizaron a actividade hospitalaria de tarde, co consecuente aumento das listas de espera. Os tempos de espera medraron un 30% respecto ao anos 2009 polo que actualmente hai 38.000 pacientes que están pendentes de intervención cirúrxica.

Desmantelaron parcialmente e fixeron recortes nas áreas sanitarias do Barco, Barbanza, Monforte, Burela, Salnés e Verín.

Tamén pecharon diversos servizos e paralizaron programas de saúde postos en marcha polo anterior goberno. Anunciaron a supresión dos radiólogos de urxencias nos hospitais comarcais; ademais pecharon varios laboratorios de análises clínicos. Suspenderon o desenvolvemento do Plan da Muller e abandonaron definitivamente o Plan de Saúde Mental; suprimiron os programas de atención a drogodependentes e pacientes con SIDA.

Houbo unha total ausencia de políticas de racionalización e de mellora da calidade, o que supón o mantemento do gasto farmacéutico máis alto do Estado, por non desenvolver estratexias integrais e polo uso irracional dos recursos, polo que se malgastan máis de 550 millóns de euros ao ano.

Realizaron unha drástica redución do persoal co despedimento de interinos e contratados (só repuxeron o 10% das vacantes resultantes das xubilacións e outras vacantes), incumprindo a Lei de Saúde de Galicia que ordena realizar convocatorias bianuais das vacantes.

Abandonaron tamén os escasos incentivos laborais existentes dirixidos a mellorar a calidade ou a eficiencia: fixeron recortes salariais e eliminaron días de descanso, paralizaron a Carreira Profesional, e fixeron unha tremenda precarización das condicións laborais coa utilización de contratos lixo por horas ou días sen cobertura completa da seguridade social. Os novos profesionais da saúde están condenados ao paro e, novamente, a emigrar a outros países para poder traballar.

2.- Privatización da estrutura do sistema e dos servizos asistenciais

A única partida do orzamento sanitario público que experimentou un incremento foi a de concertos co sector privado.

Privatizaron servizos estratéxicos para o funcionamento do sistema como a Central de Chamadas, a Plataforma Informática, ou a Central de Compras.

Van continuar e mesmo mellorar o concerto singular de Povisa, para o que cal recortaron o proxecto de novo hospital de Vigo, no que suprimiron as 400 camas previstas para asumir a atención da poboación atendida ata agora por este centro privado.

Privatizaron o financiamento, construción e xestión dos novos centros como o novo hospital de Vigo que, ademais de multiplicar os seu custo de construción que pasa de 250 a 1.400 millóns de euros (1.800 se incluímos todos os conceptos), sufriu un serio recorte na súa superficie, camas, servizos e na calidade dos materiais e equipamento.

Paralizaron a ampliación do Hospital Montecelo de Pontevedra para construír un hospital novo, de xestión privada, que multiplicará o seu custo e déixano baixo o control de mans privadas (vai ser, probablemente, inviable na actual situación de crise económica). Tamén abandonaron os Plans Directorios dos Complexos Hospitalarios de Ourense, A Coruña, Santiago e Ferrol, e as obras de reforma e a construción de novos Centros de Saúde.

Externalizaron a diálise renal e outros servizos como a Anatomía Patolóxica e os laboratorios dalgúns hospitais.

Manteñen a MEDTEC disfrazado de GALARIA, que ven actuando como un instrumento dirixido á privatización dos recursos e controis tecnolóxicos e a facilitar a penetración do sector privado na sanidade pública. Asímesmo manteñen as Fundacións Sanitarias aínda acollidas a xestión privada como o INGO, 061, Centro de Transfusións e o Instituto de Oftalmoloxía.

3.- Desmantelamento dos alicerces do sistema: Universalidade, equidade e accesibilidade aos servizos

O desenvolvemento en Galicia do Real Decreto 16/2012 supón introducir o copagamento (*repago*) por servizos e prestacións sanitarias. Este Real Decreto obriga

aos pensionistas a pagar unha parte dos medicamentos, as próteses, o transporte en ambulancia non urxente, e os alimentos especiais.

Tamén contempla a supresión da Carteira de Servizos única, universal e gratuíta no momento do uso. Haberá servizos básicos, complementarios e accesorios. A sanidade pública pode que limite a cobertura ao paquete básico, e haberá que pagar polo resto das prestacións (ben directamente ou mediante un aseguramento complementario). Neste grupo de servizos optativos pretenden incluír as mamografías, os tratamento de esterilidade, a rehabilitación etc. Núñez Feijóo anunciou tamén a súa intención de que os pacientes hospitalizados paguen a comida, a limpeza ou mesmo as cadeiras utilizadas polos acompañantes.

Propostas da Plataforma SOS Sanidade Pública

1. Incrementar o gasto sanitario para recuperar o nivel do ano 2009.
2. Elaborar un Plan de Saúde que responda ás necesidades reais de todos os cidadáns e garanta a racionalidade e a equidade.
3. Desenvolver políticas para racionalizar o gasto sanitario en lugar de recortar dereitos e prestacións. Consideramos necesario reducir o gasto farmacéutico inadecuado, a utilización irracional de probas diagnósticas ou terapéuticas que, ademais de innecesarias, poden danar a saúde de quen as recibe. Hai que desenvolver estratexias, consensuadas cos profesionais e cidadáns, dirixidas a mellorar a calidade e a racionalidade das prestacións como guías clínicas, vías clínicas ou protocolos dirixidos a diagnosticar e tratar con racionalidade baseada na evidencia as enfermidades máis frecuentes e importantes.
4. Recuperar o modelo de financiamento público para construír, reparar e xestionar todos os centros sanitarios. Hai que denunciar o incumprimento do contrato polas empresas concesionarias privadas para a construción do Novo Hospital de Vigo e devolvelo ao financiamento e xestión pública (a Concesionaria a reducido o centro nin 30% e carece de capacidade para financiarlo). Cómpre reiniciar de forma inmediata a ampliación do Hospital Montecelo (que leva paralizado tres anos) con financiamento público. E haberá que afrontar de xeito urxente os Plans Directorios dos Hospitais que freen a súa deterioración e melloren a súa actividade adaptándoa ás necesidades asistenciais de cada área (como contemplaba o Plan Directorio anulado polo actual goberno da Xunta). Tamén será preciso levar ao Consello Interterritorial de Sanidade a derogación da Lei 15/1997 de novas formas de Xestión.
5. Hai que pór en marcha unha política incentivadora do persoal sanitario, consensuada cos traballadores e os seus representantes, que contemple incentivos á calidade, a racionalidade e a produtividade dos traballadores sanitarios; hai que recuperar o desenvolvemento da Carreira Profesional.
- 6.- É preciso eliminar os contratos lixo, e suspender a política de redución de persoal e de non repor as prazas dos profesionais que se xubilen; hai que volver substituír aos profesionais ausentes por baixa laboral ou por vacacións para evitar o crecemento das listas de espera e a masificación das consultas.

- 7.. Cómpre recuperar os Programas da Muller, Saúde Mental, Drogodependencias e o de atención a persoas con SIDA.
8. Pechar GALARIA reintegrando os seus recursos e funcións ao sistema sanitario público. Reintegrar a xestión pública do SERGAS as fundacións de xestión privada como INGO, 061, Centro de Transfusións, Instituto de Oftalmoloxía, ou a FEGAS coias funcións deberían ser asumidas pola Subdirección de Investigación e Docencia
9. Hai que anular o Concerto Singular de POVISA que debe converterse nun centro concertado por patoloxías con carácter complementario.
10. Potenciar a Atención Primaria renovando un novo Plan de Mellora, que inclúa a creación de novas prazas, a construción dos 66 centros de saúde previstos, a eliminación das trabas para solicitar probas diagnósticas e a redución da burocracia.
11. Tamén se deberá utilizar plenamente os recursos públicos existentes, ampliando o horario dos centros hospitalarios para reducir as listas de espera e evitar desviacións innecesarias de pacientes a centros privados concertados. Incrementar os persoal e ampliar a actividade dos centros sanitarios en xornada ordinaria de mañá e tarde.
12. Recuperar a xestión pública (co persoal público da Consellería e do Sergas) dos servizos de apoio, especialmente a Central de Compras, a Plataforma Informática, o Centro Loxístico de Almacenamento e Suministro e os procesos de decisión sobre prazas e concursos.
13. Hai que manter e dotar adecuadamente as Áreas Sanitarias cos recursos necesarios para planificar, xestionar e atender de xeito integrado as necesidades e problemas de saúde dos cidadáns con eficiencia, racionalidade e equidade.
14. Hai que suspender a aplicación en Galicia do Real Decreto 16/2012, que actualmente implica a imposición do copagamento farmacéutico para os pensionistas, a limitación de determinadas prestacións e a supresión do dereito á asistencia dos inmigrantes.
15. Desenvolver para a participación e responsabilización de cidadáns e traballadores sanitarios na planificación, xestión e control da actividade dos servizos sanitarios. Propoñemos pór en marcha unha escola de formación para a participación cidadá reorientando a orientación de Escola de Cidadáns dirixida a promover que os mesmos se fagan cargo da atención dos seus familiares en lugar dos servizos de saúde.
16. Incrementar os recursos para a atención a enfermos crónicos e a coordinación cos Servizos de Atención á Dependencia a nivel de cada Área. Crear unha Rede Sociosanitaria coordinada co Servizo Galego de Saude.

Plataforma SOS Sanidade Pública

Outubro de 2012

